

**CONSELLERÍA DE MEDIO
AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE**

Orde do 9 de decembro de 2008 pola que se convoca e regula, en réxime de concorrencia, a concesión de axudas a entidades locais, a empresas e organizacións para a súa adhesión e mantemento nun sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS).

Na busca dunha mellora continua no comportamento ambiental e no intento de lograr unha constante avaliación e mellora dos resultados das activi-

dades industriais en relación co medio, a UE estableceu un sistema de participación voluntaria en sistemas de xestión e auditoría ambiental coñecido como EMAS (Eco-Management and Audit Scheme).

Co sistema EMAS promóvese a mellora continua do comportamento ambiental das empresas mediante a implantación dun sistema de xestión ambiental, a avaliación sistemática, periódica e obxectiva do sistema, a información ao público e ás partes interesadas e a formación e a implicación activa dos empregados.

Polo tanto, a implantación deste sistema terá como resultado a aplicación de innovacións tecnolóxicas e

de xestión nas empresas, contribuíndo, en definitiva, a lograr un maior crecemento empresarial, competitividade, rendibilidade e creación de emprego e, sobre todo, á obtención duns obxectivos ambientais máis ambiciosos.

Nesta mesma liña, a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, o Decreto 185/1999, do 17 de xuño, polo que se establece o procedemento para a aplicación na Comunidade Autónoma galega dun sistema voluntario de xestión e auditoría ambiental, e o Regulamento 761/2001, do Parlamento Europeo e o Consello polo que se permite que as organizacións se adhiran a un sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), modificado polo Regulamento (CE) nº 196/2006, da Comisión, que constitúen a lexislación aplicable para tal efecto na Comunidade Autónoma de Galicia, inciden tamén na importancia de incentivar os sistemas de ecoxestión e ecoauditoría voluntarios das empresas.

Coa implantación e mantemento deste sistema de xestión ambiental minimizaranse gradualmente os impactos producidos polas organizacións sobre o medio receptor.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, regula o réxime xurídico xeral das subvencións outorgadas polas distintas administracións públicas e establece uns preceptos básicos nesta materia. Por outra banda, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, co fin de establecer unha regulación congruente coas peculiaridades da organización da Administración da comunidade e dos seus mecanismos de financiamento, e ao abeiro da regulamentación establecida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, que regula o réxime xurídico propio das subvencións, cuxo establecemento e xestión lle corresponda á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, organismos e demais entidades vinculadas ou dependentes desta, así como tamén ás entidades locais de Galicia, incluídos os organismos e entidades dependentes destas.

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, consciente da importancia que ten a implantación de sistemas voluntarios de xestión e auditoría ambiental nas empresas e institucións e, o requisito que EMAS ten de información pública, que lle dá un complemento de transparencia, pretende favorecer e impulsar a implantación deste sistema de ecoxestión e ecoauditoría establecendo unha liña de axudas para a súa implantación e mantemento.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, en relación cos artigos 27.30º e 30 do Estatuto de autonomía de Galicia e o Decreto 1/2006, do 12 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.-*Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto a concesión de axudas para a implantación e/ou mantemento dun sistema de xestión ambiental, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, regulados na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade co disposto no Regulamento (CE) nº 761/2001, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo, polo que se permite que as organizacións se adhiran con carácter voluntario a un sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS).

2. Estas subvencións concederanse para apoiar o proceso de implantación e mantemento dun sistema de xestión ambiental en entidades locais, empresas e asociacións ou entidades sen ánimo de lucro e a súa posterior adhesión ao sistema comunitario EMAS.

3. As actuacións realizadas ao abeiro desta orde e que teñan por obxecto a implantación dun sistema de xestión ambiental, non se poderán iniciar antes do 1 de decembro de 2008, e deben estar finalizadas antes da data límite de xustificación.

4. Esta orde de subvencións acóllese ao Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOCE L nº 379, do 28 de decembro).

Artigo 2º.-*Accións subvencionables.*

1. As accións financiáveis segundo o disposto nesta orde son:

-Os traballos de consultoría, verificación e validación realizados para a implantación do sistema de xestión ambiental EMAS e rexistro da empresa ou entidade solicitante.

-Os traballos de verificación e validación que sexa necesario realizar para a renovación no rexistro, cada tres anos, a través da validación da declaración ambiental actualizada.

2. Exclúense as medicións, análises e estudos.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

1. Poderán acollerse a estas subvencións:

-As empresas, organizacións e asociacións ou entidades sen ánimo de lucro.

-As entidades locais.

-As entidades locais e as empresas ou entidades adheridas e rexistradas no sistema comunitario EMAS que teñan que realizar a verificación trianual para renovar a súa permanencia no rexistro. Para estes efectos terase en conta a data de inscrición no Rexistro Galego de Centros Adheridos ao Sistema de Xestión e Auditoría Ambiental, dependente da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, e non a data de verificación.

2. As entidades locais, as empresas e asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que implanten por fases o sistema de xestión ambiental EMAS, solicitarán a subvención no exercicio económico en que se produza a verificación da declaración ambiental por verificador oficialmente acreditado.

Artigo 4º.-*Requisitos.*

1. Os solicitantes terán que cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter o seu domicilio social ou algún dos seus centros de traballo situados na Comunidade Autónoma de Galicia e materializar o proxecto obxecto da subvención no ámbito territorial de Galicia.

b) Estar a día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

c) Non ter contraídas débedas coa Xunta de Galicia.

d) Posuír personalidade xurídica propia, suficiente capacidade para obrar e non estar inhabilitada para a obtención de subvencións públicas ou para contratar co Estado, comunidades autónomas e outros entes públicos.

2. Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións prevista nesta orde as persoas ou entidades en que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-*Contía das subvencións.*

A contía das subvencións previstas nesta orde serán de:

a) Ata un máximo do 75% do custo da implantación e verificación (custo total) para os beneficiarios recollidos no artigo 3, que implanten e se rexistren no sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental EMAS.

b) Ata un máximo do 75% do custo da verificación para renovación do rexistro.

c) Ata un máximo do 50% do orzamento cando a implantación e/ou a verificación se realice partindo da norma ISO 14001, cun importe máximo de 2.500 €.

Artigo 6º.-*Gastos non subvencionables.*

Non se considerarán subvencionables os seguintes conceptos:

1. Calquera imposto pagado polas empresas, organizacións e asociacións ou entidades sen ánimo de lucro e entidades locais.

2. Gastos financeiros derivados do investimento.

3. Gastos de persoal, tanto propios como externos.

4. Todos aqueles que figuren no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

Artigo 7º.-*Solicitudes e prazos.*

1. As solicitudes, segundo o modelo normalizado que figura como anexo I desta orde, presentaranse preferentemente no rexistro da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en Santiago de Compostela, no das respectivas delegacións provinciais ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e irán dirixidas ao conselleiro de medio ambiente e desenvolvemento sostible.

2. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe de axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na devandita páxina web.

4. A presentación das solicitudes comporta a autorización do solicitante para obter polo seu órgano concedente de forma directa a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos, quedando liberado o solicitante de presentar as correspondentes certificacións.

5. O modelo de solicitude e demais anexos desta orde están dispoñibles na páxina web desta consellería na seguinte enderezo: <http://medioambiente.xunta.es/formularios.jsp>

6. O procedemento de concesión de subvencións regulado nesta orde iníciase por instancia de parte. Transcorrido o prazo de máximo de resolución sen que esta sexa notificada aos interesados, estes poderán entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo, segundo o artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 8º.-*Documentación que hai presentar coas solicitudes.*

Coas solicitudes presentaranse os seguintes documentos orixinais ou mediante copia compulsada:

1. Acreditación da personalidade:

1.1. Persoas xurídicas:

a) Certificación do rexistro en que conste a súa constitución e os estatutos vixentes. No caso das

entidades locais presentarán acta de constitución da corporación.

b) Documento acreditativo do poder co que actúa o representante en nome da entidade, no caso de que tal poder non conste na certificación, e copia compulsada do seu documento nacional de identidade.

c) Tarxeta de identificación fiscal.

1.2. Persoas físicas:

a) Declaración censual de alta nas obrigas tributarias (modelo 037) na Axencia Estatal Tributaria referida a todos os titulares, se é o caso.

2. Declaración, segundo o modelo do anexo IV, do conxunto de todas as solicitudes de subvención efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes e unha declaración das axudas *de minimis* dos tres últimos anos.

3. Presentarase un estudo que non supere as 20 páxinas de extensión, que conteña:

a) Memoria técnica.

Esta memoria técnica incluírá, como mínimo, os seguintes puntos:

-Avaliación ambiental da instalación.

-Política ambiental que se seguirá (compromiso de mellora continua, prevención da contaminación e conformidade regulamentaria ...).

-Cronograma que non supere o exercicio orzamentario en referencia ao establecemento dos pasos para lograr o rexistro en EMAS.

-Indicación expresa de posesión dalgún sistema de xestión ambiental, en concreto, da ISO 14001. No suposto de posesión da dita norma ISO 14001, presentarse copia do certificado acreditativo emitido pola correspondente entidade de certificación.

b) Memoria valorada e orzamentos detallados dos traballos que se realizarán (gastos de consultoría e verificación) para os obxectivos establecidos no artigo 1º.

No caso de que o importe total do investimento subvencionable supere os 12.000 € o solicitante deberá presentar como mínimo tres ofertas diferentes.

No caso de realizar a implantación do sistema de xestión con medios propios, presentarse un orzamento de gasto detallado que deberá ser aprobado pola Administración para que este gasto poida ser considerado subvencionable.

O custo que se aprobe non será superior á media aritmética dos orzamentos solicitados nesta convocatoria.

c) Beneficios ambientais esperados.

4. Certificación expedida pola entidade bancaria, que acredite a existencia da conta da empresa, aso-

ciación ou entidade, indicando o número de conta en que se deberá facer o ingreso da subvención en caso de ser concedida, segundo o modelo do anexo V.

5. Declaración, segundo o modelo do anexo II, do compromiso de inscrición no Rexistro Galego de Centros Adheridos ao Sistema de Xestión e Auditoría Ambiental dentro do prazo previsto nesta orde e mantemento do devandito rexistro durante un período non inferior a cinco anos contados desde a data da súa inscrición.

6. Declaración do responsable da empresa, organización, asociación ou entidade sen ánimo de lucro de non se achar incurso en ningún dos supostos considerados no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tal como se prevé no seu punto 7 e de conformidade co modelo establecido no anexo III desta orde. Esta xustificación deberá ser presentada coa solicitude e no momento da xustificación do investimento realizado.

CAPÍTULO II

COMISIÓN DE VALORACIÓN, TRAMITACIÓN, RESOLUCIÓN, XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Artigo 9º.-Comisión de valoración.

1. Presentada a solicitude xunto con toda a documentación correspondente, procederáse á súa valoración por unha comisión de avaliación, formada por tres funcionarios, adscritos á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, designados para o efecto polo titular deste centro directivo; un dos cales fará, ademais, de secretario desta.

No caso de carencias ou defectos de forma, requirirase o interesado para que, nun prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou proporcione os documentos preceptivos. De non se proceder á devandita emenda no prazo indicado, terase por desistido da súa petición segundo o artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

2. Esta comisión de avaliación formulará o correspondente informe-proposta de concesión ou denegación das subvencións, proposta que se axustará ao disposto no artigo 9.5º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e que será elevada ao órgano competente para resolver.

3. Se na consulta que realice esta Administración para comprobar a ausencia de débedas tributarias, coa Seguridade Social e coa Xunta de Galicia, unha empresa, asociación ou entidade sen ánimo de lucro, se obtivese informe negativo por constar débedas pendentes con algún dos citados organismos, comunicaráselle ao solicitante, e concederáselle un prazo de quince días para a emenda de tal defecto; procederáse ao arquivo da solicitude se transcorrido o

devandito prazo non consta por medio do correspondente certificado positivo que o defecto detectado foi emendado.

Artigo 10º.-Criterios de valoración.

Cando o número de solicitudes con dereito a subvención exceda do crédito dispoñible nesta orde, a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental proporá, dentro dos límites establecidos, o importe correspondente a cada beneficiario realizándose un rateo entre estas, en función do que supoña a porcentaxe financiable de cada solicitude sobre o total subvencionable de todas elas.

Artigo 11º.-Resolución de concesión.

1. As solicitudes de subvención serán resoltas polo director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, por delegación do conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, nos termos previstos no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, no prazo máximo de catro meses desde a data na que a solicitude tivo entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

Transcorrido o prazo máximo para resolver e notificar, sen que o interesado reciba comunicación expresa da resolución, entenderanse desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo, de conformidade co disposto no artigo 23.5º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da obriga de resolver expresamente as devanditas solicitudes, de conformidade co previsto no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común.

2. Ao abeiro do disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por resolución da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental publicaranse no DOG as subvencións concedidas, expresando a convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. Igualmente farase na páxina web oficial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, segundo o artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Non será necesaria a publicación nos supostos previstos no artigo 15.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O beneficiario poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos no suposto previsto na alínea d) do parágrafo 2 do devandito artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

O beneficiario estará obrigado a dar publicidade da subvención concedida en toda actividade relacionada co obxecto da subvención.

3. Para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, permitirase a subcontratación total, de consultoría e auditoría, na actividade obxecto da subvención, agás cando, aumentando o custo da actividade subvencionada, non incorpore valor engadido ao seu contido.

4. O outorgamento da subvención debe ser aceptado polo beneficiario no prazo máximo de 15 días desde a súa notificación coas condicións específicas recollidas nesta orde. No caso de que o beneficiario non comunique a súa aceptación dentro do prazo indicado, considerarase que se entende tacitamente aceptada a axuda concedida.

5. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente das subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

6. As resolucións de concesión da subvención incluíranse no Rexistro Público de Subvencións dependente da Consellería de Economía e Facenda co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencionadora en Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os datos incorporados a el poderán ser obxecto de rectificación, cancelación e oposición polo interesado.

No suposto de que a publicación dos datos do beneficiario poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas segundo a Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, este poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos.

Artigo 12º.-Control e seguimento.

1. Constitúese unha comisión de seguimento integrada polos mesmos membros da comisión de valoración, que se encargará do control da execución da actividade obxecto da subvención.

2. A referida comisión poderá solicitar, en calquera momento e de forma motivada, cantas aclaracións e informes sexan necesarios e convenientes e, no suposto de non ser cumpridos no prazo de 10 días, a partir do día seguinte ao da notificación, conforme prevé o artigo 76 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, considerarase decaído no seu dereito ao trámite correspondente.

Artigo 13º.-Acreditación de traballos realizados.

1. Para proceder ao cobramento da subvención será indispensable a presentación, ata o 31 de outu-

bro de 2009, da seguinte documentación orixinal ou mediante copia compulsada:

a) Facturas e xustificantes bancarios dos pagamentos realizados ou outros xustificantes que acrediten o pagamento efectivo da totalidade do devandito investimento.

b) Declaración ambiental validada polo verificador ambiental.

c) No momento da xustificación da execución do proxecto e, en calquera caso, antes do pagamento, o peticionario presentará unha declaración complementaria, segundo o anexo IV, do conxunto das subvencións solicitadas para o mesmo proxecto, tanto as aprobadas e concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

d) Declaración xurada de cumprir co orzamento de implantación do sistema de xestión con medios propios aprobado pola Administración para a realización deste proxecto, se é o caso. Poderase levar a cabo visita de comprobación por parte da Administración para verificar o seu cumprimento.

e) O solicitante verase obrigado á comunicación de calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para ditar a resolución de aprobación da subvención solicitada e, en especial, as relativas ao previsto no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención no suposto de falta de xustificación ou xustificación incorrecta ou de concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 14º.-*Pagamento.*

1. Acreditados os traballos realizados, no prazo e na forma prevista no artigo anterior, procederase a tramitar o pagamento correspondente.

2. Para o devandito pagamento, deberán terse en conta as seguintes prescricións:

-O beneficiario deberá estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e non ter débedas coa comunidade autónoma, tanto no momento de ditarse proposta de resolución de concesión coma con anterioridade ao seu pagamento, comprobando a Administración esta circunstancia segundo o previsto no artigo 7º.4.

-Non terá lugar o pagamento da subvención se non foron executadas a totalidade dos traballos e actividades para os que esta foi aprobada.

-Se na verificación se detectasen non conformidades derivadas da falta de permisos, licenzas ou autorizacións que a entidade debe dispoñer para a súa actividade, non se tramitará o seu pagamento.

Artigo 15º.-*Redución do pagamento.*

En caso de que o investimento ou actividade realizada tivese un custo inferior ao inicialmente previsto, a subvención concedida verase diminuída en función dos custos efectivamente realizados para a súa adhesión a EMAS.

Artigo 16º.-*Crédito orzamentario.*

1. Para o exercicio do ano 2009, destinaranse:

a) Para empresas, 600.000 € que se imputarán na aplicación orzamentaria 15.03.541D.770.0. Indicativamente destinaranse 540.000 € para implantación do sistema EMAS e 60.000 € para a renovación do rexistro.

b) Para asociacións ou entidades sen ánimo de lucro destinaranse 150.000 € da aplicación orzamentaria 15.03.541D.781.1.

c) Para entidades locais 100.000 € da aplicación orzamentaria 15.03.541D.760.0.

En ambos os casos do proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009; a concesión da axuda queda supeditada á aprobación definitiva dos citados orzamentos, de conformidade coa orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto.

2. As empresas que reciban axudas concedidas ao abeiro desta orde e, con cargo ao concepto orzamentario 15.03.541D.770.0, cofinanciado por fondos Feder, someteranse ao cumprimento das obrigas relacionadas coas medidas de publicidade impostas polo Regulamento da Comisión (CE) nº 1828/2006, da Comisión do 8 de decembro de 2006 que fixa normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) nº 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

A devandita contía poderá incrementarse despois, se é o caso, de tramitar o oportuno expediente orzamentario de xeración, ampliación ou incorporación de crédito, de conformidade co establecido no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17º.-*Sectores excluídos.*

Esta orde de subvencións acóllese ao Regulamento (CE) nº 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOCE L nº 379, do 28 de decembro).

Artigo 18º.-Compatibilidade de subvencións.

A subvención contida nesta orde é compatible con outras subvencións de calquera Administración pública. O importe das subvencións non poderá, en ningún caso, illada ou conxuntamente con outras, superar o custo da actividade que vaia desenvolver o beneficiario.

Artigo 19º.-Reintegro.

Procederá o reintegro total ou parcial das subvencións reguladas nesta orde e dos xuros de mora xerados desde o momento do seu pagamento, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión e rexistro e, en todo caso, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 20º.-Obriga de facilitar información.

Ademais da documentación complementaria que durante a tramitación do procedemento poida exixir o órgano xestor correspondente da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, os beneficiarios das subvencións previstas nesta orde teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas, polo Consello de Contas e polos previstos na normativa da Unión Europea, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións públicas, así como a que sexa solicitada por calquera órgano comunitario de inspección ou control, segundo o indicado no artigo 45 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21º.-Rexistro.

1. As organizacións, as entidades locais e as entidades sen ánimo de lucro que finalizasen o proceso e recibisen o pagamento da subvención, disporán dun prazo máximo de tres meses contados desde a data de pagamento para solicitar a súa inclusión no Rexistro Galego de Centros Adheridos ao Sistema de Xestión e Auditoría Ambiental, de conformidade co establecido no Decreto 185/1999, do 17 de xuño, polo que se establece o procedemento para a aplicación na Comunidade Autónoma galega, dun sistema voluntario de xestión e auditoría ambiental.

2. Os beneficiarios previstos no punto anterior que non soliciten a inscrición no rexistro no prazo previsto, non poderán acollerse ás subvencións de mantemento do sistema de xestión e auditoría ambiental EMAS. Ademais, transcorrido o devandito prazo, procederase de oficio a iniciar o trámite de reintegro das cantidades percibidas.

3. Os beneficiarios están obrigados a manter en vigor o Sistema Comunitario de Xestión e Auditoría Ambiental (EMAS) e o seu correspondente rexistro, durante un período mínimo de cinco anos, no suposto de concesión da axuda solicitada con este fin.

Artigo 22º.-Recursos.

A resolución ditada polo director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, por delegación do titular da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou no prazo de tres meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo; ou ben poderá ser impugnada directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses se a resolución fose expresa ou seis meses desde que se entenda desestimada por silencio administrativo.

Artigo 23º.-Infraccións e sancións.

1. O réxime de infraccións e sancións o establecido nesta orde é o previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O procedemento sancionador será o establecido no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Disposición adicional

Única.-A Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental poderá seguir, total ou parcialmente, o proceso de implantación de EMAS nas organizacións solicitantes das subvencións reguladas por esta orde; estes solicitantes deberán prestar a colaboración necesaria para este seguimento, logo de identificación do persoal representante do devandito centro directivo.

Disposición transitoria

Única.-As solicitudes que teñan por obxecto a renovación trianual no rexistro de centros adheridos, cuxa renovación deba producirse nos meses de novembro e decembro, presentarán a súa solicitude ao abeiro da orde reguladora destas subvencións para o ano 2010, en caso da súa publicación.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para ditar, no exercicio das súas competencias, as instrucións precisas para o desenvolvemento, interpretación e aplicación desta orde, en especial, as relativas á ampliación dos prazos previstos nela, agás o de presentación das solicitudes de axuda.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2008.

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
 E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

ANEXO I



UNIÓN EUROPEA

| | | |
|--|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO SUBVENCIONS PARA ADHESIÓN E MANTEMENTO NUN SISTEMA COMUNITARIO DE XESTIÓN E AUDITORÍA AMBIENTAIS (EMAS) | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA968B | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|--|---|--------------------------------|

DATOS DO/DA SOLICITANTE

| | | |
|-----------------------------------|-----------------------------|------------------|
| PERSONA FÍSICA OU XURÍDICA [] | | CIF/NIF [] |
| ENDEREZO [] | | PROVINCIA [] |
| CONCELLO [] | | |
| LOCALIDADE [] | CÓDIGO POSTAL [] | TELÉFONO [] |
| FAX [] | ENDEREZO ELECTRÓNICO [] | |

OBJECTO DA SOLICITUDE

| |
|--|
| ORZAMENTO TOTAL DO PROXECTO [] |
| <input type="checkbox"/> IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE XESTIÓN AMBIENTAL MEDIANTE ADHESIÓN AO SISTEMA EMAS |

PRESENTOU ESTE PROXECTO A OUTRA CONVOCATORIA DE AXUDAS?
 SI NON

| ORGANISMO | PROGRAMA DE AXUDA | SITUACIÓN S.P.D.: solicitada e pendente de decisión S.C. solicitada e concedida | CONTÍA SOLICITADA OU CONCEDIDA |
|-----------|-------------------|---|--------------------------------|
| [] | [] | [] | [] |

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

| | |
|--|---|
| <input type="checkbox"/> MEMORIA | <input type="checkbox"/> DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA DO CAPÍTULO DENTRO DO QUE SE SOLICITA A AXUDA |
| <input type="checkbox"/> ORZAMENTO DE GASTOS | <input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DE CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES DE AXUDAS EFECTUADAS OU CONCEDIDAS |
| <input type="checkbox"/> FOTOCOPIA DO DNI OU CIF | <input type="checkbox"/> CERTIFICADO ISO 14001 |

De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 presto expresamente o meu consentimento para que a consellería publique no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

Autorízase a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a comprobar para as axudas o cumprimento, polo solicitante, das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa Facenda Pública da Xunta de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselle de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o desexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro, no enderezo que figura ao pé desta solicitude.

| |
|--|
| LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 9 de decembro de 2008 pola que se convoca e regula, en réxime de concorrencia, a concesión de axudas a entidades locais, a empresas e organizacións para a súa adhesión e mantemento nun sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS).</i> |
| SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU PERSONA QUE O REPRESENTA _____, de _____ de _____ |

| | | |
|-----------------------------------|--|-----------------------------------|
| (Para cubrir pola Administración) | | NÚMERO DE EXPEDIENTE _____ |
| RECIBIDO [] | | DATA DE ENTRADA ____/____/____ |
| REVISADO E CONFORME [] | | DATA DE EFECTOS ____/____/____ |
| | | DATA DE SAÍDA ____/____/____ |

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

Ed. Administrativo San Lázaro, s/n
 15781 Santiago de Compostela



| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|------------------------|--------------------------|
| <i>SUBVENCIÓNS PARA ADHESIÓN E MANTEMENTO NUN SISTEMA COMUNITARIO DE XESTIÓN E AUDITORÍA AMBIENTAIS (EMAS)</i> | <i>MA968B</i> | <i>COMPROMISO</i> |

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

O compromiso de solicitar a inscrición no Rexistro Galego de Centros Adheridos ao Sistema de Xestión e Auditoría Ambiental no suposto de concesión da axuda solicitada.

O compromiso de mantemento en vigor do SISTEMA COMUNITARIO DE XESTIÓN E AUDITORÍA AMBIENTAL (EMAS) e o seu correspondente rexistro, durante un período mínimo de cinco anos, no suposto de concesión da axuda solicitada con este fin.

_____, de _____ de _____

(Sinatura do solicitante ou representante)

Asdo.:



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
 E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

ANEXO III

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|------------------------|---------------------------|
| <i>SUBVENCIONS PARA ADHESIÓN E MANTEMENTO NUN SISTEMA COMUNITARIO DE XESTIÓN E AUDITORÍA AMBIENTAIS (EMAS)</i> | <i>MA968B</i> | <i>DECLARACIÓN</i> |

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Don / Dona con DNI

solicitante dunha subvención en representación de

para a implantación e adhesión a un sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS) ao abeiro da orde do

_____ pola que se establecen as bases reguladoras e condicións do réxime de concesión de subvencións a empresas e organizacións para a súa adhesión e mantemento nun sistema comunitario de xestión ambientais (EMAS),

DECLARA:

Que cumpre os requisitos establecidos na normativa en vigor para obter a condición de beneficiario e non concorre en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño).

_____, de _____ de _____

(Sinatura do/a solicitante ou representante)

Asdo.:



| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|--|------------------------|--------------------|
| SUBVENCIÓNS PARA ADHESIÓN E MANTEMENTO NUN SISTEMA COMUNITARIO DE XESTIÓN E AUDITORÍA AMBIENTAIS (EMAS) | MA968B | DECLARACIÓN |

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Don / Dona con DNI

solicitante dunha subvención en representación de

para a implantación e adhesión a un sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS) ao abeiro da Orde do _____

_____ pola que se establecen as bases reguladoras e condicións de subvencións para a adhesión e mantemento

dun sistema comunitario de xestión e auditoría ambientais (EMAS), DECLARA:

(riscar as opcións que non proceden)

- Que non solicitou nin obtivo ningunha outra subvención para este proxecto nos tres últimos anos.

- Que, nos tres últimos anos, solicitou ante

(organismo ante o que se solicitou)

unha subvención ao abeiro da ,

(citar a súa norma reguladora)

estando pendente de resolución.

- Que, nos tres últimos anos, solicitou e obtivo a/as subvención/s que a continuación se indican para o mesmo proxecto:

(Indicar Administración ou órgano administrativo concedente, norma reguladora da subvención de que se trate, importe concedido e data da resolución de concesión e cales están acollidos a *minimis*.)

_____, de _____ de _____

(Sinatura do/a solicitante ou representante)

Asdo.:



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
 E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

ANEXO V

| | | |
|---|---|--------------------------------|
| PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS PARA ADHESIÓN E MANTEMENTO NUN SISTEMA COMUNITARIO DE XESTIÓN E AUDITORÍA AMBIENTAIS (EMAS) | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MA968B | DOCUMENTO SOLICITUDE |
|---|---|--------------------------------|

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

| | | | |
|------------------|---------------|-----------|--|
| TITULAR DA CONTA | | DNI/NIF | |
| [] | | [] | |
| ENDEREZO | | PROVINCIA | |
| [] | | [] | |
| LOCALIDADE | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | |
| [] | [] | [] | |

DATOS DA CUENTA

| | | | |
|---------------------|--------------------|--------------------|-----------------|
| CÓDIGO DO BANCO | CÓDIGO DA SUCURSAL | DÍXITOS DE CONTROL | CÓDIGO DA CONTA |
| [] | [] | [] | [] |
| ENTIDADE FINANCEIRA | | ENDEREZO | |
| [] | | [] | |
| PROVINCIA | CONCELLO | CÓDIGO POSTAL | |
| [] | [] | [] | |

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

_____, de _____ de _____

Sinatura do/a solicitante

Sinatura e selo da entidade financeira

Asdo.:

Asdo.: